



XUNTA
DE GALICIA

Guías DXT Galego Volvendo con Sentidiño

5



FLEXI-ORGANIZACIÓN DE COMPETICIÓN E CALENDARIOS EN TEMPOS COVID-19: SISTEMA ITERATIVO DE COMPETICIÓN MODULAR (SÍCoM-DXTGALEGO)



COEDITA:

- Fundación Deporte Galego
- Editorial Xaniño

ISBN OBRA COMPLETA: 978-84-09-38840-0
ISBN VOLUME: 978-84-09-38844-8

Índice

Prólogo • 5

José Ramón Lete Lasa
(Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia)

Presentación • 8

Rafael Martín Acero (Editor. Universidade da Coruña)

Flexi-organización de competicións e calendarios: Sistema Iterativo de Competición Modular (SíCoM-DXTGALEGO) • 11

Rafael Martín Acero (Universidade da Coruña),
Javier Rico Díaz (Universidade de Santiago de Compostela),
Dan Río Rodríguez (Universidade da Coruña),
Joaquín Gómez Varela (Universidade da Coruña)

- **Introdución • 13**
- **Flexi-organización da competición e dos seus calendarios • 18**
 - **Análise de escenarios posibles condicionados pola COVID-19, considerando o coñecemento limitado actual • 18**
 - **Obxectivos e principios de flexi-organización para o inicio e continuidade da actividade de competicións oficiais • 23**
 - **Criterios posibles para aplicar ao inicio da reentrada de volver a competir • 28**
- **Referencias • 31**

Para reflexionar sobre o desenvolvemento do Sistema Iterativo de Competición Modular (SíCoM-DXTGALEGO) • 33

Rafael Martín Acero (Universidade da Coruña),
Javier Rico Díaz (Universidade de Santiago de Compostela),
Dan Río Rodríguez (Universidade da Coruña),
Joaquín Gómez Varela (Universidade da Coruña)

- [Introdución](#) • 35
- [Diversidade de sistemas de competición na "anterior normalidade"](#) • 37
- [Alternativas de sistemas de competición para a "nova normalidade"](#) • 40
- [Reflexións para buscar equidade nos sistemas de competición de deportes de equipo](#) • 44
- [Exemplos de alternativas en caso de suspensión da competición](#) • 46

Prólogo



Prólogo

Alá polo mes de xullo, cunha situación quizais menos esperanzadora que a que se debuxa agora no futuro máis inmediato, comezabamos a ver os froitos dun traballo arduo, intenso, sacrificado pero, sobre todo, gratificante. Falo desta serie de guías que hoxe están a disposición de todo o noso tecido deportivo.

O pasado 13 de marzo de 2020 a Xunta de Galicia decretaba responsablemente o estado de emerxencia sanitaria para toda a comunidade. Un día despois, o Goberno central ditaba o estado de alarma, no que Galicia se mantivo tres meses ata que o luns 15 de xuño abandonaba o devandito estado de alarma sendo a primeira comunidade en facelo, polos seus mellores datos da situación epidemiolóxica.

Neste logro acadado por todos e cada un dos veciños de Galicia hai moito traballo, moita xenerosidade e sobre todo, moita responsabilidade. O único que podemos facer ao mirar a vista cara atrás é agradecer todo o feito ata o de agora e o que sentimos cando miramos cara adiante é tanta ilusión como confianza no noso pobo.

Naquel 15 de xuño no que Galicia abandonaba o estado de alarma, o deporte galego xa contaba cun protocolo que especificaba a metodoloxía a seguir polas federacións deportivas galegas no establecemento das medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Do FISICOVID-DXTGALEGO naceron preto de 70 protocolos elaborados e aprobados pola Xunta de Galicia grazas ao traballo de todo o tecido deportivo galego para as súas federacións, campionatos, eventos e instalacións.

Desde o Goberno galego nunca dubidamos de que garantir a seguridade e a saúde da nosa poboación pasa por recuperar a actividade deportiva. Por iso entre outras moitas medidas das que destacaría o uso da máscara no deporte autonómico e a esixencia de test serolóxicos ou probas de detección similares no deporte non

profesional de ámbito estatal (unhas probas que tamén se van esixir nas competicións de fútbol sénior e xuvenil de ámbito autonómico), quero facer especial mención a estas guías que nos marcan con luxo de detalles cal debe ser o noso camiño nun escenario deportivo completo en medio dunha pandemia.

As Guías DXT 'Volvendo con sentidiño' deben ser agora o noso manual de instrucións, o noso vademecum, o noso dicionario.

Elaboradas pola Secretaría Xeral para o Deporte e expertos das tres universidades galegas, nacen coa vocación de poñer á disposición de federacións, clubs, profesores e adestradores, suxestións con base científica que permitan acelerar a volta á normalidade na práctica da actividade deportiva con toda a seguridade e cumprimento das normativas.

Estas guías non son nada máis que outro exemplo do constante apoio e consenso en todos e cada un dos membros desta sólida sociedade da que somos responsables.

Son, en definitiva, o traballo de todos para garantir a saúde de todos.

José Ramón Lete Lasa

Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia

Presentación




Presentación

Durante o tempo que a ameaza do contaxio comunitario por coronavirus SARS-CoV-2 SE DEBE proceder a afrontar a volta á práctica deportiva segura o máis parecida posible ao que esixe a competición en cada especialidade. Este período de tempo pon a proba, pola dificultade e a gran incertidume e polos xiros que aínda poden tomar os acontecementos, as reflexións e innovación dos estamentos de dirección e de xestión do deporte, adaptando aspectos deportivos e organizativos que permitan soste unha práctica adaptada e segura en adestramentos e en competicións.. Como xa se analizou (Ver GUÍAS DXT GALEGO), algunhas das especialidades deportivas teñen máis agravada a súa volta aos modelos de organización da competición, sobre todo as de equipo de espazo compartido e as de lloita ou combate. **A abordaxe debe de ser moi flexible e adaptativo.**

Nas **GUÍAS DXTGALEGO (1, 2, 3 e 4)** anteriores xa se propuxeron e suxeriron adaptacións de orientacións psicopedagóxicas, e incluso de exercicios, tarefas ou situacións de sesións de adestramento, e na propia maneira de organizar e regular a competición (carreira; partido; xogo; combate; loita; kata; etc.) incrementando ao máximo a seguridade hixiénico-sanitaria dos deportistas).

Nesta GUÍA DXTGALEGO nº 5 propónse **UN SISTEMA ITERATIVO DE COMPETICIÓN MODULAR (SÍCoM-DXTGALEGO)** que permite pensar a cada órgano federativo competente como se podería **flexi-organizar na repetición de módulos de competición** (sesións, torneos, campionatos),



e ordenar e pautar o calendario das Competicións de tal xeito que, **se fose preciso un novo "parón", este non impedise continuar sen ter que "volver atrás"** á vez que se garantan os dereitos deportivos dos competidores.

Co fin de retomar a práctica con toda a seguridade e cumprimento das normativas sanitarias, e para que esa práctica poida ser o máis proveitosa posible, desde as tres Universidades de Galicia e a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia traballamos para poñer a disposición de federacións, clubs, profesores e adestradores algunhas suxestións coa suficiente base científica para acelerar a vivencia positiva do deportista, estimulando a súa motivación, a súa adaptación e control da ansiedade fronte aos temores xustificadas da volta á actividade en grupos e na volta a competir, agora facémolo para os dirixentes, xestores federativos, e outros organizadores de competicións.

Estas **GUÍAS DXTGALEGO** (*volvendo con sentidiño*) son froito dunha metodoloxía de traballo por consenso. A entrega desta GUÍA nº 5 a todas as federacións galegas, clubs e entidades deportivas, ten o obxectivo de aportar algunhas propostas precisas para a reflexión e o debate de dirixentes, xestores, educadores, técnicos, e adestradores en cada deporte, modalidade e/ou especialidade.

Se somos capaces de recuperar a dinámica e desenvolvemento do modelo ou exercicio da especialidade o antes posible por parte do deportista a pesar das limitacións do control de risco de contaxio, cumprindo as normas das autoridades sanitarias (**M**antendo a distancia de seguridade interpersonal de máis de 1,5 metros + **M**áscara + **M**ans desinfectadas)- conseguiremos gran motivación, reforzo e recompensa para o deportista, o que aínda se potenciará máis cando a práctica inclúa actividade competitiva (simulada; deconstruída; ou completa).

Rafael Martín Acero

Universidade da Coruña

FLEXI-ORGANIZACIÓN DE COMPETICIÓNS E CALENDARIOS: SISTEMA ITERATIVO DE COMPETICIÓN MODULAR (SÍCoM-DXTGALEGO)

COORDINADORES

Rafael Martín Acero¹ (Universidade da Coruña)

Ivan Clavel San Emeterio² (Universidade da Coruña)

AUTORES

Rafael Martín Acero (Universidade da Coruña)

Javier Rico Díaz³ (Universidade de Santiago de Compostela)

Dan Río Rodríguez⁴ (Universidade da Coruña)

Joaquín Gómez Varela⁵ (Universidade da Coruña)

- 1 Catedrático de Metodoloxía do Rendemento Deportivo na Universidade de A Coruña. Profesor en varios programas de Doutoramento e Máster Universitario de Alto Rendemento en España (COE: 1992-2020), así como noutros países (Arxentina, Chile, Colombia, México, Uruguay, Portugal). Coordinador de Atletismo no Centro de Alto Rendemento en Sant Cugat (1988-1992). Adestrador e seleccionador de velocidade e relevos do equipo de atletismo español (1986-1992). Consultor e técnico de alto rendemento en varias seleccións españolas (ciclismo de pista, béisbol, hockey patíns). Responsable no R. C. Deportivo de La Coruña dos *Servicios de Apoio ao Rendemento do Futbolista* (1999-2019).
- 2 Graduado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte. Doutor en Educación Física e Deporte. Máster en Dereito Deportivo. Máster en Xestión de instalacións e Organizacións deportivas. Programa Superior en dirección financeira. Xestor deportivo de organizacións e instalacións deportivas de diferentes ámbitos durante máis de 15 anos. Xerente da Fundación Deporte Galego desde 2017. Judoka cinto negro terceiro Dan e xuíz árbitro de judo.
- 3 Licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Doutor en Educación Física. Máster Universitario de Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde. Máster en Xestión de Entidades Deportivas. Profesor Asociado na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela. Asesor do Gabinete do Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.
- 4 Graduado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte. Doutor en Educación Física e Deporte. Máster Formación Profesorado. Grupo de Investigación de Aprendizaxe e Control Motor (UDC). CEO de *ATP Adestramento Persoal*. Deportista internacional por España en Wushu 2º Dan, Ouro e Prata en Campionatos de Europa e Top 20 en 3 Campionatos do Mundo. Preparador Físico de lloitadores de Sanda, e de especialistas en varios deportes.
- 5 Profesor Titular da Universidade da Coruña. Licenciado en Educación Física e Doutor en Educación Física. Profesor de Másteres: en Planificación e Xestión de destinos e produtos turísticos; Dirección de Actividades Educativas na Natureza USC, e en Deporte de Natureza en Portugal. Especialista e investigador en actividades deportivas no medio natural. Formación en xestión de riscos, emerxencias e primeiros auxilios. Certificado en Montañismo pola Escola Madrileña de Alta Montaña. Director de Actividades de Tempo Libre. Director, Profesor e colaborador en varias escolas federativas de deportes no medio natural. Director da Escola de Tempo Libre INEF Galicia (UDC). Foi xogador de rugby na selección galega.

Introducción

Para moitos practicantes do deporte é a competición o que proporciona obxectivos e motivación, e ante a crise da COVID-19, a reanudación das competicións deportivas, de calquera nivel, complexidade e capacidade de convocatoria, esixe de reflexións teóricas que estimen posibilidades seguras para a denominada “nova normalidade”, aínda que o risco de contaxio non se poida eliminar al 100%.

É cada organización deportiva a que mellor coñece as especificidades e lóxicas do seu deporte, e por elo é quen terá que establecer os novos criterios para celebrar competicións, segundo a capacidade de xestión e o rigor dos protocolos aprobados, para a posta en marcha das competicións. Para Arnold (1989) *“O control sen retroalimentación sempre conduce a catástrofes: é importante que as persoas e organizacións que toman decisións responsables dependan persoal e materialmente das consecuencias destas decisións”*.

Algunha das aprendizaxes desta crise respecto ao modelo de **organización da propia acción da competición debería levar a un enfoque moi flexible e previsor**, é dicir que non debería quedarse nas imprescindibles normas de hixiene e prevención en aspectos loxísticos. As decisións dos dirixentes e técnicos deportivos afectados deberán retroalimentarse da escasa e inestable información, por tanto, **prevendo escenarios alternativos**, de certa disparidade. A pesar da perda dun marco temporal de certezas, deberíase dedicar tempo e racionalidade ao establecemento dos obxectivos, para non tomar decisións no sentido de “que todo siga igual, ou cambiemos todo”, ou sen un plan. Débense calcular as consecuencias e facer a súa valoración, doutro xeito unha opción pouco flexible, aínda que teña algunha posibilidade de acerto, seguindo cos sistemas e organización xa estandarizados, tanto de xeito de competir, como dos seus calendarios, conleva riscos e incertidume aínda maior en caso de nova suspensión das competicións. Para os Premios Nobel de Economía de 2002, Kahneman e de 2017, Thaler,

a economía, como conduta, é o resultado das decisións que se toman cando os recursos son escasos, como nos anos 2020, 2021 e seguintes ocorrerá co noso tecido deportivo.

O Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981) recolle como competencia de Galicia "A promoción do deporte e a axeitada utilización do ocio" (artigo 27, vintedous).

A Lei 3/2012 do deporte de Galicia, no seu Capítuo II determina a clasificación de modalidades e especialidades, e tamén a consideración de competicións deportivas oficiais de ámbito autonómico (artigo 19), como aquelas calificadas como tales polas respectivas federacións deportivas de Galicia ou pola Administración deportiva autonómica. Estas competicións oficiais federadas de ámbito autonómico poden organizalas cada federación galega ou mediante a adxudicación a calquera entidade deportiva ou persoa física ou xurídica. Son **competicións oficiais federadas de ámbito autonómico aquelas que, realizándose en Galicia, sexan incluídas polas federacións deportivas galegas no calendario oficial** que, unha vez aprobado pola asemblea xeral, se comunica no prazo correspondente á Administración deportiva, e quedarían calificadas como tales se a Administración deportiva non formula observacións no prazo de dez días. No seu artigo 21 determínanse os requisitos mínimos das competicións oficiais, **sendo responsabilidade dos organizadores dunha competición, de forma exclusiva entre outras, garantir as medidas necesarias para a seguridade, prestar a asistencia sanitaria correspondente** a todos os deportistas. Para as circunstancias actuais e previsibles, é importante recoller que este mesmo artigo 21 establece que "reglamentariamente poderán establecerse, en función da súa entidade e importancia, as condicións e o alcance con que deben cumprirse os requisitos expostos", así mesmo establécese que **só "... poderán modificarse as normas das competicións durante o seu desenvolvemento, se é por causa de forza maior debidamente xustificada", a Secretaría Xeral para o Deporte de la Xunta de Galicia xa fundou en forza maior ao autorizar ás federacións galegas a establecer co procedemento legal as modificacións sobre as súas competicións de ámbito autonómico na temporada 2019/2020** a través da *"Circular informativa pola que se recollen as normas que regulan a adopción de acordos sobre as competicións*

deportivas oficiais das Federacións Deportivas de Galicia afectadas pola situación de emerxencia sanitaria ocasionada pola COVID-19” (14/05/2020).

Nestes momentos parece recomendable prever aspectos das competicións que posibilitasen unha *flexi-organización* adaptable a novas olas da pandemia da COVID-19, que poderían xerar niveis ou escenarios diversos de dificultades. Con prudencia, pero adiantarse, a pesar da enorme incertidume, coa correspondente planificación, programación, control e retroalimentación, garantindo o cumprimento de todas as normas xurídicas e recomendacións a partir da aplicación do protocolo FISICOVID-DXTGALEGO autorizado e específico da modalidade e/ou especialidade deportiva, para a seguridade e a saúde dos participantes, xuíces e árbitros, voluntarios, organizadores, prestadores de servizos complementarios, etc.


Durante o **futuro máis inmediato as competicións deportivas non altamente financiadas**, como **actividade físico-deportiva organizada que satisfai a quenes a practican**, máis ca nunca deben abordarse como un proxecto novo e integral que considere as continxencias, riscos, e variacións, ante incluso a posibilidade de novas interrupcións, por tanto, debe ser unha *flexi-organización*, que permita a súa sostibilidade e continuidade en circunstancias volubles.

O **SISTEMA ITERATIVO DE COMPETICIÓN MODULAR (SíCoM-DXTGALEGO)** que presentamos *esixe repetir (iterar) varias veces o proceso de que o deportista compita* nunha organización coa menor oportunidade de contaxio por coronavirus e co obxectivo de chegar ao obxectivo de incrementar o número de experiencias de competición dos deportistas, podéndose organizar e celebrar moitas máis competicións de proximidade territorial e con maior control de risco de contaxios.

O **SISTEMA ITERATIVO DE COMPETICIÓN MODULAR (SíCoM-DXTGALEGO)** *esixe articular a organización e o calendario de competicións para así poder optimizar por módulos* de diferente duración temporal e de diverso número de xornadas de eventos competitivos. Cada módulo, sexa básico (**MB**: sesións repetidas ou iterativas de competición), de tamaño medio (**MMd**: Torneos repetidos ou iterativos) ou maior (**MMi**: Campionatos)

será singular, discreto e independente, cun fin competitivo á finalización de cada módulo, á vez cada módulo formará parte funcional de cada conxunto modular configurado previamente. Cada módulo (**MB; MMd; MMi**) é reorganizable en caso de sobrevir normas das autoridades que suspendan a actividade, para o cal estará previsto e programado o seu reinicio funcional.

○ **SISTEMA ITERATIVO DE COMPETICIÓN MODULAR** (*SíCoM-DXTGALEGO*) **esixe unha ben predefinida interacción e ensamblaxe entre todos os módulos (MB; MMd; MMi)** que o compoñan, incluíndo unha **flexi-organización** que permita con facilidade reordenar o propio *SíCoM-DXTGALEGO* (incluídos os sistemas de clasificación; ascensos/descensos; etc.) e os recursos (humanos, materiais e económicos) para cada continxencia ante novas circunstancias previsibles.



ESQUEMA da flexi-organización de competicións deportivas en tempos de "nova normalidade": SISTEMA ITERATIVO DE COMPETICIÓN MODULAR (SiCom-DXTGALEGO).

Flexi-organización da competición e dos seus calendarios

Análise de escenarios posibles condicionados pola COVID-19, considerando o coñecemento limitado actual

Os deportes que non están baixo o paraugas xurídico e financeiro do concepto “Ligas Profesionais” deben ser creativos, desde a perspectiva actual, para reanudar e manter as súas competicións estandarizadas (sistemas de competición, tipo calendarios) na tempada 2020/21 e/ou na 2021/22, ante as posibles limitacións que xere a evolución da pandemia, e algúns dos perigos estruturais como podería ser a perda de participantes, dirixentes, entidades e financiación.

Débese reflexionar e valorar unha nova organización das competicións, sen caer na inercia dos modelos históricos. As competicións deberán ser organizadas cumprindo o **principio de flexibilidade**, é dicir **estar en alerta para poder aplicar solucións xa previstas ante os cambios internos e do entorno**. Permanecer moi atentos ás oportunidades e aos desafíos, **mostrando unha alta capacidade para ordenar os recursos dispoñibles para obter un dos obxectivos prioritarios** (Broncano et al., 2011), que será que ao reanudarse a competición se siga competindo coa maior continuidade posible e que, en caso de ter que deixar en suspenso algunha parte do calendario, esta afecte o menos posible á capacidade de volver a reanudala, tanto a nivel xurídico, como deportivo, social e económico.


Esta *flexi-organización* será unha das causas da sostibilidade de cada modalidade e/ou especialidade deportiva, e por tanto de cada entidade a medio prazo, as organizacións deportivas que non se centren entre outros neste obxectivo, non adaptándose, nin anticipándose ás ameazas, estará desaproveitando oportunidades futuras, rendíndose ás debilidades que lle impón a crise.

Os expertos en epidemioloxía, nos meses de verán de 2020, pensaban que ao non coñecerse suficientemente cal é **“a fracción da poboación que segue sendo susceptible de ser infectada por COVID-19”** poderíase pensar na posible existencia de brotes da epidemia (Santander, 2020) e de novas oleadas. O director do Instituto de Saúde Gobal e Patóxenos Emerxentes, do Hospital Monte Sinaí (NE), Dr. García Sastre, dicía na primeira ola da pandemia que en 2020 **“non sabemos se haberá unha segunda oleada e se se producirá en inverno, pero é un escenario probable”**, e que nos próximos 18 meses *“haberá dúas oleadas, pode que tres...”* (citado en Santander, 2020) e quizás outras oleadas.

A ciencia sempre é debate, e coa incertidume e pouco tempo de estudo sobre a COVID-19 e a súa posible evolución hai prognósticos contraditorios, por exemplo, expertos da **Universidade de Tecnoloxía e Deseño de Singapur** declararan que **“a pandemia en España estaría controlada antes de finais de setembro de 2020”**.

No momento de publicarse esta GUÍA, preto da chegada da primaveira do 2021, os xestores do deporte e as súas direccións técnicas deberían trabaxar no máximo rango de escenarios (Figura 1), para que as competicións, unha vez comezadas, sexan unha realidade, segura e sostible, e eso require un modelo e un calendario novo e de moita flexibilidade.

Aínda que é imposible calcular a probabilidade estatística con precisión absoluta, calquera dos perfís de olas calculados matematicamente (Figura 1) e o patrón dos rexistros reais de contaxios, provocan incertidume, pero cando se cumpren as instrucións de distancia, máscara e hixiene, segundo os expertos e o que se viviu na terceira ola non parece que leve a un confinamento total e de longa suspensión da práctica deportiva.



ESCENARIO 1 (línea punteada AZUL): os expertos pensan que é o máis improbable. Unha serie de olas repetitivas, que diminuíría gradualmente nalgún momento en 2021. Con variacións territoriais.

ESCENARIO 2 (línea discontinua VERMELLA): é o menos desexable. Segundo expertos (Miller, 2009; Saunders-Hasting, 2016) así comportáronse outras pandemias (1917-18; 1957-58; 2009-10).

ESCENARIO 3 (línea continua VERDE): subidas e baixadas, diminuindo progresivamente, pero sen un patrón de onda claro. Con algunhas variacións territoriais, influenciadas polo grado de medidas de control. Aínda que este patrón 3 non se atopou en anteriores pandemias, para os expertos é unha posibilidade para o coronavirus SARS-CoV-2 que provoca a enfermidade COVID-19.

Figura 1. Simulación de escenarios potenciais na evolución da pandemia da COVID-19, segundo os modelos matemáticos (A partir de Osterholm, en Moore, Lipsitch, Barre, Osterholm, 2020; e o Imperial College de Londres).

A evolución do número de casos diarios confirmados e sospeitosos de COVID-19 en España (Figura 2) así como a evolución dos casos diagnosticados de COVID-19 por PCR en GALICIA (Figura 3), confirman o comportamento en ondas desta pandemia.




Figura 2. Casos diarios confirmados e sospeitosos de COVID-19 en España desde 22/02/2020 a 8/02/2021 (datos consolidados). (Fonte de datos e imaxe de: Ministerio de Sanidade, Actualización nº 313. https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccaees/alertasActual/nCov/documentos/Actualizacion_313_COVID-19.pdf)





Figura 3. Casos diagnosticados de COVID-19 por PCR en GALICIA por data de diagnose desde o 06/03/2020 ao 17/02/2021 (Fonte de datos: Xunta de Galicia, SERGAS).

As curvas teóricas e as reais están coincidindo no carácter ondulatorio que aínda non se extingue, o cal nos leva a picos de contaxios determinándose polas autoridades sanitarias a suspensión das competicións deportivas federadas de ámbito autonómico e o establecemento de determinadas limitacións nos correspondentes adestramentos, como ocorreu entre o 27 de xaneiro e o 17 de febreiro de 2021 en Galicia.

Moro, investigador español en dinámicas humanas no MIT, dinos que *“un dos puntos principais para entender o desenvolvemento dunha epidemia e as posibles estratexias de contención é o comportamento humano: é importante poder monitorizar onde imos, con quen acostumamos xuntarnos e onde”*.



Co *SISTEMA ITERATIVO DE COMPETICIÓN MODULAR (SÍCoM-DXTGALEGO)* que desenvolvemos a continuación, no caso de que un acompañante, participante, árbitro, o axudante tivese sospeitas de padecer a COVID-19, concrétase o seguemento dos seus contactos nos encontros deportivos, sendo de gran axuda á sociedade, favorecendo a eficacia do sistema sanitario de Galicia e, por último, permitindo aplicar o protocolo *FISICOVID-DXTGALEGO* e as súas medidas e con miota máis precisión e eficiencia. Seguimos, entre outros, os resultados da modelización de Aleta et al. (2020) que mostra que **“un sistema de resposta baseado en probas melloradas e no seguemento de contactos pode desempeñar un papel importante na relaxación das intervencións de distanciamento social na ausencia de inmunidade colectiva contra o SARS-CoV-2”**, é dicir que, *colaborando neste sentido, o risco de novas interrupcións da actividade deportiva podería ser moito menor, ou solventarse máis rápido, como sucedeu na terceira ola en Galicia.*

Obxectivos e principios de flexi-organización para o inicio e continuidade da actividade de competicións oficiais

Os **principais obxectivos da flexi-organización** para o inicio e continuidade da actividade de competición serían:

- ▶ **OBXECTIVOS HIXIÉNICO-SANITARIOS, PARA REDUCIR AO MÁXIMO A POSIBILIDADE DE CASOS DE CONTAXIO NOS EVENTOS DE COMPETICIÓN:**
 - Aplicar as medidas derivadas da indagación de riscos (*FISICOVID-DXTGALEGO*) e incluídas no protocolo da especialidade e/ou modalidade deportiva. Con todos os recursos dispoñibles coordinados polo responsable de protocolo da modalidade e/ou especialidade, asegurar o cumprimento de todas as medidas de protección indicadas polas autoridades sanitarias.
 - Minimizar ao máximo o número de competidores, xuíces, organizadores, etc. en mobilidade polo territorio.

- Acreditar instalacións polo seu control do risco como *NÚCLEOS DEPORTIVOS* de competición de especialidade e/ou modalidade, minimizando riscos e concentrando recursos.
- Facilitar que a espera entre actuacións dos deportistas, xuíces, técnicos, organizadores, etc. sexa ao aire libre ou en interior coa mellor ventilación, a maior distancia e o menor tempo posibles.

► **OBXECTIVOS DEPORTIVOS NO SISTEMA E CALENDARIO DE COMPETICIÓN:**

- Aplicar o balance competitivo ("*par conditio*"): condición de igualdade entre as situacións de dous ou máis competidores.
- **Sistema da competición.** Debe garantir que os competidores, na súa categoría e/ou nivel teñan, as mesmas oportunidades de gañar en cada módulo de competición.
- **Establecemento de períodos publicados de inscrición** de deportistas. Cada club poderá inscribir un mesmo número de deportistas, para competir no módulo básico (SESIÓN; SESIÓN de ITERACIÓN) e no módulo medio (TORNEO). Despois podería haber un novo período de ser necesario.
- No caso de poder celebrarse fases posteriores de competición selectiva por resultados anteriores, o sistema ten que garantir o valor do itinerario percorrido.

Aplicar o principio "*pro competitione*", como ben xurídico que precede aos procedementos sancionadores⁵. Garantirase tanto nas novas normas ou reglamentos, como na súa aplicación polos Comités correspondentes, cuxos procedementos e axendas terán que funcionar baixo o concepto de urxencia e flexibilidade que os novos sistemas e calendarios precisan.

⁵ "*Pro competitione*": entendido este principio a partir da *Resolución del Comité Español de Disciplina Deportiva* (Expediente núm. 125/2001).


- Estudar e elaborar propostas de cantas **adaptacións das regras de competición** fosen precisas para poder iniciar e manter a competición cumpríndose os obxectivos hixiénico-sanitarios e deportivos establecidos para cada modalidade e especialidade (partido; carreira; encontro; combate; desafío; etc.).

Os **pasos necesarios** para o inicio e continuidade da actividade de competición serían:


- Realizar as **propostas** en tempo e forma para a súa aprobación polos órganos competentes, en cumprimento das normas e procedementos establecidos, de cantas **adaptacións das regras de competición** fosen precisas:
 - Incluindo o **reducir** ao máximo posible **o tempo total** de competición en exposición ao risco de contaxio dos mesmos competidores nas condicións establecidas polas autoridades sanitarias e o protocolo **FISICOVID-DXTGALEGO**.
 - Incluindo o **repetir as primeiras sesións varias veces (ITERATIVAS)** no mesmo NÚCLEO DEPORTIVO (e/ou instalación), cos mesmos clubs, equipos e competidores, **diminuindo** deste xeito **a mobilidade**, e garantindo unha maior trazabilidade dun menor número de persoas.
 - Incluindo como concepto central da *flexi-organización* a celebración por MÓDULOS ITERATIVOS (sesión, torneo), ata completar o Campionato.
 - Incluindo, **en caso de suspensión** dalgún dos Módulos, **o mecanismo de "continuar sen retornar"**, é dicir que, á vez exista independencia e interconexión entre os módulos iterativos (que se repiten).
- *Organizar do xeito máis flexible posible as competicións e o seu calendario*, aplicando o Protocolo, baixo a supervisión do correspondente Coordinador FISICOVID-DXTGALEGO, que se celebren:
 - Con resultados finalistas en cada *SESIÓN DE COMPETICIÓN ITERATIVA*, como *módulo de competición básico (MB)*, cun sistema de puntuacións acumulables para módulos de maior duración, por exemplo, para

módulos medios (MMd) ou TORNEOS ITERATIVOS dalgunhas semanas, e para *módulos maiores (MMi)* como *CAMPIONATOS* de quizás varios meses, ata dar a posibilidade de cubrir a **TEMPADA**.

- En *instalacións contrastadas* polo seu control do risco como *NÚCLEOS DEPORTIVOS*, para unidades territoriais ou máis próximas posible aos domicilios dos participantes (reducir as distancias de desprazamento ao mínimo).



- *Repetir* (iteración) *as sesións de competición cos mesmos participantes, no mesmo NÚCLEO DEPORTIVO* (mesmas instalacións) diminúe o número de participantes en risco de contacto. E ademais concéntranse os recursos e contrólase mellor o gasto nas medidas de control material e procedimental de riscos. A chegada dos participantes e acompañantes necesarios será segundo o protocolo autorizado.



- *Concentrando o maior número de competicións (carreiras, partidos, lloitas, combates; etc.) na mesma sesión de competición (MB: 1 día):* sen necesidade de pernoctar fóra do domicilio habitual.
- *Diferencia temporal suficiente entre as sesións de competición:* 14 días ou máis entre cada una delas.
- *Adestramentos despois das primeiras sesións de competición:* Nos 14 días seguintes sería prudente só adestrar cos mesmos compañeiros que asistiron á anterior sesión de competición, reducindo así as ocasións de risco de contaxio.


Criteriaos posibles para aplicar ao inicio da reentrada de volver a competir.

- A organización das competicións e os seus calendarios deben ser flexibles, moi articulados, que permitan adaptarse a novas crises de distancia social. Deberían ser modelos curtos e compostos por módulos básicos ou sesións de competición (*MB*: 1 día) que se deben repetir varias veces, despois en módulos medios ou torneos (*MMd*: de 2-3 ata 8-12 semanas) e módulos maiores ou campionatos (*MMi*: de entre 2 e 5 meses). Para os Torneos (*MMd*) e/ou campionatos (*MMi*) poderíanse ir agregando puntos polos resultados de determinadas sesións de competición a celebrar nos núcleos deportivos establecidos, tendo aprobado previamente o mecanismo de "**continuar sen retornar**", é dicir de eliminación do módulo inacabado, sen alterar problematizar a continuidade prevista. Na sesión (*MB*) procurarase que exista enfrontamento inicial de todos contra todos, nalgunhas modalidades habería máis adiante eliminatorias, promovendo que os deportistas interviran varias veces antes das eliminacións definitivas, favorecendo o **aumento de frecuencia da práctica competitiva concentrada**, e controlando o risco de contaxio, por exemplo, que os eliminados deban ausentarse da instalación ao finalizar a súa participación. Nalgunhas modalidades quizás se poida estudar que na sesión de competición (*MB*), cando se pase a sistemas de eliminación, sexan de eliminación dobre ou con rondas de consolación.
- Na primeira parte do inicio da fase de reentrada á competición é preferible repetir máis dunha vez a mesma sesión de competición, cos mesmos participantes, e no mesmo núcleo deportivo (mesma instalación) autorizado.
- Tamén deberá estar prevista a opción de que, en caso de estabilización da situación sanitaria, estean programados a medio prazo os torneos (*MMd*), como por exemplo "cruzando" os participantes de máis dun núcleo deportivo, e/ou campionatos (*MMi*), coa posibilidade de agregar, por exemplo, os puntos conseguidos nos sistemas anteriores. Tamén se podería ir cara un sistema máis avanzado de eliminatorias, segundo as clasificacións previas.

CAMPIONATO "A", e/ou CAMPIONATO "Z"


TORNEO

SESIÓNS en NÚCLEO DEPORTIVO:



TORNEO


SESIÓNS en NÚCLEO DEPORTIVO:




CAMPIONATO "AA"

TORNEO

SESIÓNS en NÚCLEO DEPORTIVO:




CRUCE DE PARTICIPANTES DE 2 NÚCLEOS DEPORTIVOS:




CAMPIONATO "BB"

TORNEO


SESIÓNS en NÚCLEO DEPORTIVO:



ELIMINATORIAS POR CRUCE DE CLASIFICACIÓN EN 2 NÚCLEOS DEPORTIVOS:



FINAIS nun só NÚCLEO DEPORTIVO, SEGUNDO CLASIFICACIÓN FASE ANTERIOR:



- **Quizás a confección do calendario non deba fijar datas exactas máis alá dun certo número de semanas,** por exemplo, ata 8 semanas para sesións de competición, pero só, e sabendo que poideran ser suspendidos, ter normativamente previsto cales serían os efectos deportivos, como xa se mencionou, sen obrigarse a retomar a organización o modelo de competicións suspendido.



Referencias

- Aleta, A., Martín-Corral, D., Pastore y Piontti, A., Ajelli, M., Litvinova, M., Chinazzi, M., Dean, N.E., Halloran, M.E., Longini, I.M., Merler, S., Pentland, A., Vespignani, A., Moro, E., Moreno, Y. (2020). Modeling the impact of social distancing, testing, contact tracing and household quarantine on second-wave scenarios of the COVID-19 epidemic. *MedRxiv*, pre-print, 18 de mayo de 2020 DOI: 10.1101 / 2020.05.06.20092841.
- Arnold, V.I. (1989) *Teoría de catástrofes*. Alianza Editorial. Madrid Begley, S. (2020) Three potential futures for Covid-19: recurring small outbreaks, a monster wave, or a persistent crisis. <https://www.statnews.com/2020/05/01/three-potential-futures-for-covid-19/> (Consulta: 6/05/2020)
- Broncano, S. G., Andrés, M. R., Monsalve, J. N. M. (2011). La organización flexible y su influencia en la implantación de prácticas de alto rendimiento: un estudio empírico. *Cuadernos de Estudios Empresariales*, 21, 67. Doi: <https://doi.org/10.1101/2020.05.06.20092841> (Consulta: 20/05/2020)
- Comité Español de Disciplina Deportiva (2001) Texto íntegro de la *Resolución del Comité Español de Disciplina Deportiva* (Expediente núm. 125/2001). Disponible en: <http://www.iusport.es/casos/barata/ceddbarata.htm>
- Csató, L. (2019) A simulation comparison of tournament designs for the World Men's Handball Championships. *International Transactions in Operational Research*, 1-25. <https://doi.org/10.1111/itor.12691>- Disponible en: <https://onlinelibrary.wiley.com/doi/epdf/10.1111/itor.12691>
- Ekstrand J, Spreco A, Windt J, et al. Are Elite Soccer Teams' Preseason Training Sessions Associated With Fewer In-Season Injuries? A 15-Year Analysis From the Union of European Football Associations (UEFA) Elite Club Injury Study. *Am J Sports Med* 2020;:363546519899359. doi:10.1177/0363546519899359
- European Centre for Disease Prevention and Control (2020). Updated projections of COVID-19 in the EU/EEA and the UK. 23 November 2020. ECDC: Stockholm. Disponible en: <https://www.ecdc.europa.eu/sites/default/files/documents/covid-forecasts-modelling-november-2020.pdf>

- Galiciapress.es* (2020) La mejoría acelera y Galicia es la única autonomía en “riesgo medio” de coronavirus en la Península. Datos de la Xunta de Galicia, SERGAS (hasta 29/11/2020). Disponible en: <https://www.galiciapress.es/texto-diario/mostrar/2182965/mejoria-acelera-pone-galicia-como-unica-autonomia-riesgo-medio-coronavirus-toda-peninsula>
- Heath Ch., Heath D. (2014) *Decídete. Cómo tomar las mejores decisiones en la vida y el trabajo*. Editorial Gestión 2000. Barcelona
- Jones, B., Phillips, G., Kemp, S.P.T., Griffin, S.A., Readhead, C., Pearce, N., Stokes, K.A. (2020) A team sport risk exposure framework to support the return to sport. Disponible en: <https://blogs.bmj.com/bjms/2020/07/01/ateam-sport-risk-exposure-framework-to-support-the-return-to-sport/>
- Martín-Acero, R. M., Peñas, C. L., Lalin, C. (2013). Causas Objetivas de Planificación en Deportes de Equipo (I): Estado de Forma y Calendarios. *Revista de Entrenamiento Deportivo*, 27(1), 1-19.
- Martín-Acero, R. M., Peñas, C. L., Lalin, C. (2013). Causas objetivas de planificación en DSEQ (II): La Microestructura (Microciclos). *Revista de Entrenamiento Deportivo*, 27(2).
- Martín-Acero, R., Crescente, J. L., Ballesteros, R. (1997). Estudio y análisis de calendarios de competición: Criterios de Matveev. *INFOCOES*. Comité Olímpico Español
- Miller MA, Viboud C, Balinska M, Simonsen, L. (2009) The signature features of influenza pandemics – implications for policy. *N Engl J Med Jun*. 360 (25), 2595-8
- Ministerio de Sanidad, Ministerio de Ciencia, e Instituto Carlos III (2020). ESTUDIO ENE-COVID-19: Primera ronda estudio nacional de sero-epidemiología de la infección por SARS-COV-2 en España informe preliminar, 13 de mayo de 2020. Madrid
- Moore, K, Lipsitch, M., Barry, P.J.M., Osterholm, M.T. (2020) The Future of the COVID-19 Pandemic: Lessons Learned from Pandemic Influenza. **COVID-19: The CIDRAP Viewpoint**. Center for Infectious Disease Research and Policy (CIDRAP). University of Minnesota. Minneapolis (USA).
- Santander, M. (2020) La evolución de la pandemia: ¿qué nos dicen los modelos? <https://naukas.com/2020/04/06/la-evolucion-de-la-pandemia-que-nosdicen-los-modelos/> (Consulta: 6/05/2020)
- Saunders-Hastings PR, Krewski D. (2016) Reviewing the history of pandemic influenza: understanding patterns of emergence and transmission. *Pathogens* Dec 6; 5(4):66
- Thiess, G., Tschiene, P., Nickel, H. (2004). *Teoría y metodología de la competición deportiva*. Editorial Paidotribo. Barcelona

PARA REFLEXIONAR SOBRE O DESENVOLVEMENTO DO SISTEMA ITERATIVO DE COMPETICIÓN MODULAR (SÍCoM-DXTGALEGO)

COORDINADORES

Rafael Martín Acero¹ (Universidade da Coruña)

Ivan Clavel San Emeterio² (Universidade da Coruña)

AUTORES

Rafael Martín Acero (Universidade da Coruña)

Javier Rico Díaz³ (Universidade de Santiago de Compostela)

Dan Río Rodríguez⁴ (Universidade da Coruña)

Joaquín Gómez Varela⁵ (Universidade da Coruña)

- 1 Catedrático de Metodoloxía do Rendemento Deportivo na Universidade de A Coruña. Profesor en varios programas de Doutoramento e Máster Universitario de Alto Rendemento en España (COE: 1992-2020), así como noutros países (Arxentina, Chile, Colombia, México, Uruguay, Portugal). Coordinador de Atletismo no Centro de Alto Rendemento en Sant Cugat (1988-1992). Adestrador e seleccionador de velocidade e relevos do equipo de atletismo español (1986-1992). Consultor e técnico de alto rendemento en varias seleccións españolas (ciclismo de pista, béisbol, hockey patíns). Responsable no R. C. Deportivo de La Coruña dos *Servicios de Apoio ao Rendemento do Futbolista* (1999-2019).
- 2 Graduado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte. Doutor en Educación Física e Deporte. Máster en Dereito Deportivo. Máster en Xestión de instalacións e Organizacións deportivas. Programa Superior en dirección financeira. Xestor deportivo de organizacións e instalacións deportivas de diferentes ámbitos durante máis de 15 anos. Xerente da Fundación Deporte Galego desde 2017. Judoka cinto negro terceiro Dan e xuíz árbitro de judo.
- 3 Licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Doutor en Educación Física. Máster Universitario de Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde. Máster en Xestión de Entidades Deportivas. Profesor Asociado na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela. Asesor do Gabinete do Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.
- 4 Graduado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte. Doutor en Educación Física e Deporte. Máster Formación Profesorado. Grupo de Investigación de Aprendizaxe e Control Motor (UDC). CEO de *ATP Adestramento Persoal*. Deportista internacional por España en Wushu 2º Dan, Ouro e Prata en Campionatos de Europa e Top 20 en 3 Campionatos do Mundo. Preparador Físico de lloitadores de Sanda, e de especialistas en varios deportes.
- 5 Profesor Titular da Universidade da Coruña. Licenciado en Educación Física e Doutor en Educación Física. Profesor de Másteres: en Planificación e Xestión de destinos e produtos turísticos; Dirección de Actividades Educativas na Natureza USC, e en Deporte de Natureza en Portugal. Especialista e investigador en actividades deportivas no medio natural. Formación en xestión de riscos, emerxencias e primeiros auxilios. Certificado en Montañismo pola Escola Madrileña de Alta Montaña. Director de Actividades de Tempo Libre. Director, Profesor e colaborador en varias escolas federativas de deportes no medio natural. Director da Escola de Tempo Libre INEF Galicia (UDC). Foi xogador de rugby na selección galega.

Introducción

Para a actividade deportiva a crise ou catástrofe da COVID-19, está ademáis afectada polo confinamento absoluto, pola tardía desescalada do mesmo e polas propias necesidades de evitar o risco de contaxios nos adestramentos e competicións.

As competicións profesionais pechadas resolveron con financiamento e influencia os seus protocolos de reinicio. Para os demais niveis de competición, que son onde se acumula a inmensa maioría dos practicantes, non lles chegaron esas fórmulas. A suspensión sobrevida nas competicións de elite financiada compensouse coa súa volta ao sistema cancelado momentáneamente, pero para as demais competicións en moitos casos a solución só foi unha longa suspensión ou a súa cronificación. Non había ningún modelo alternativo previsto, e non era lóxico que existira.

Sen embargo, agora, asumindo a posibilidade de que existan máis olas da COVID-19, ou outros riscos do mesmo tipo, é imprescindible que cada modalidade e especialidade deportiva realice os cambios precisos nos seus regulamentos de competición, e nos seus sistemas e calendarios. Neles terán que estar desenvolvidos os mecanismos de resposta por se hai que suspender, unha ou varias veces, a competición, e non fora posible reanudala. As anteriores suxestións sobre como finalizar unha competición. Ten que ser estudado moi detalladamente, logo presentado e ser debatido nos órganos colexiados correspondentes. Trátase de incrementar ao máximo a seguridade sanitaria, pero facilitando a sostibilidade social, xurídica e económica de cada deporte, modalidade e especialidade.

Seguindo a Hxath e Hxath (2014) podemos **reparar con que dificultades de pensamento propio nos imos atopar ao tomar as decisións sobre unha FLEXI-ORGANIZACIÓN da competición e do calendario**, e tamén nos suxiren seguir o método para solucionarlas a través dun **pensamento e actitude consciente e positivo**:

LIMITACIÓNS PROPIAS A CONTROLAR:	SOLUCIÓNS ACTITUDINAIS:
Ver poucas opcións: autolimitámonos a decisións binarias (<i>todo ou nada; facer ou non facer; ou é isto ou é o outro</i>)	Aumenta as túas opcións (<i>Non centrarse no problema, considera os obxectivos e todas as posibles solucións para logralos</i>)
Ter unha convicción previa inmutable (<i>buscamos información que a confirme e non prestamos atención ás que a poñan en dúbida</i>)	Contrasta as túas suposicións (<i>a visión externa, doutros, serviranos para contrastar diagnoses diferentes e válidas</i>)
Influencia das nosas emocións do momento (<i>Desconfianza; confusión, frustración, temor, etc.</i>)	Toma distancia antes de decidir (<i>Toma distancia para controlar o efecto emocional. Por exemplo, pensa cales serán as consecuencias ao decidirse por "A", ou por "B", ou por "A+B", nos próximos 3 meses, e en 12 meses?</i>)
Confianza esaxerada nas nosas crenzas arraigadas sobre solucións xa coñecidas (<i>que reforzan unha predición posible como se tivese altas probabilidades de darse</i>)	Prepárate para o erro (<i>tes que aceptar que nos equivocamos con máis frecuencia do que pensamos. E que, nun sistema máis flexible, poderase corrixir antes e mellor</i>)

Diversidade de sistemas de competición na “anterior normalidade”

A competición deportiva de cada modalidade e/ou especialidade ten uns elementos substanciales na súa lóxica interna, sexan individuais, por parellas, colectivos, ou de lloita. Os competidores rematarán nunha clasificación que provén da correspondente avaliación, puntuación, cronometraxe, etc. Esa clasificación outorga diferentes tipos de recoñecemento.

Algunhas competicións son finalistas, outras requiren acumular probas, partidos ou combates, que se desenvolven de forma continua ao longo de todo un macrociclo ou dunha tempada. Algúns sistemas de competición teñen un calendario de poucas semanas, outros ao longo de todo un ano.

SISTEMAS MÁIS COÑECIDOS DE ORGANIZACIÓN DE COMPETICIÓNS:

► CALIFICACIÓN INDIVIDUAL

Exemplos serían os lanzamentos ou saltos en atletismo en pista, ou algunhas especialidades de ximnasia.

► CARREIRAS CON TODOS

Onde todos os deportistas participan de forma simultánea, ás veces por rúas, outras por rúa libre. En moitos casos resulta gañador por unha carreira final, e noutros polos resultados de varias carreiras.

► SISTEMA DE LIGA OU LIGUIÑA

Normalmente de todos contra todos, a unha volta ou máis. Acumúlanse puntos para establecer a clasificación .

► SISTEMA DE ELIMINATORIAS

Todos os deportistas ou equipos vanse enfrontando en emparellamentos, quenes perden son excluídos da competición, así van diminuindo os competidores en cada ronda de encontros, combates, ou partidos, a unha competición a ida/volta, chegando a unha final. Nalgunhas especialidades os torneos poden ser abertos ou semiabertos á inscrición.

- A **exención** refírese a unha situación na cal un ou varios participantes non compiten temporalmente nunha ou varias rondas dun torneo. En campionatos longos, algúns dos xogadores ou equipos con mellor posición no ranking teñen exencións nas primeiras rondas. Cando existe esta condición ao aplicar o sistema de eliminación é necesario determinar a que participante se lle dará a exención pode ser por sorteo ou por cabezas de serie. Neste último caso tense en conta a súa posición no ranking ou os títulos obtidos nunha tempada determinada.
- **Sistema suízo de eliminatorias:** Permite encontros individuais ou por equipos, durante varias rondas. Podendo ser ou non eliminatorio, o habitual é que todos os competidores participen en todas as rondas. Vanse asignando puntuacións segundo o resultado de cada ronda, e é por puntuacións similares como se producirá o emparellamento na seguinte ronda, así vanse filtrando ponderadamente os competidores. A partir dun número relativamente reducido de rondas chégase á clasificación xeral. O inicio da competición precisa dun esforzo de orde inicial, para comezar os emparellamentos subseguintes. É un sistema moi arraigado nos Torneos de Xadrez.

► SISTEMAS MIXTOS

Nunha mesma sesión, torneo ou campionato, mestúranse o sistema de liguña e o de eliminatorias.

- **Sistema play-off.** Os deportistas individuais, de parellas, ou equipos, ao inicio son divididos en grupos, e compiten todos contra todos. Os mellores postos na clasificación do grupo pasan á seguinte fase da competición, que pode ser en novos grupos, ou xa en eliminatorias a varios encontros, ata a final entre os 2 supervivintes.
- **Variantes utilizadas nos "E-SPORTS"**, como o "*cadro de perdedores*" ou "*loser bracket*", para en fases avanzadas, repescar a gañadores de módulos e fases agora eliminados, e que poidan volver a competir. O sistema "*guante*" ou "*gauntlet*" fai que cada posto que se escale teña un significado, xa que o que se colocou primeiro ou acumulou máis puntos das fases previas espera na final, o segundo na semifinal, e así sucesivamente.

Alternativas de sistemas de competición para a “nova normalidade”

Non se pode presentar para todas as modalidades e/ou especialidades deportivas un protocolo universal co xeito de organizar o sistema de competición e o calendario. Por esta limitación preséntase como idea para comezar o estudo e debate en cada federación a **FLEXI-ORGANIZACIÓN**, onde hai uns obxectivos e uns principios que adaptar e axustar a cada tipo de especialidade e nivel de desenvolvemento competitivo.

Queremos que:

- **Se compita coa maior seguridade sanitaria posible todas as veces.**
- **As posicións finais nas clasificacións se disputen entre quenes competiron mellor durante máis tempo.**
- **As suspensións de campionatos longos non dificulten a volta a competir o antes posible.**


Entre os **modelos de organización máis actuais**, que proveñen da cibernética e a procura de rendemento **empresarial**, atopamos por exemplo estes: “Agile”, “Scrum”, “Kanban”, “LSD”, ou “Sprint”. Son procedementos de traballo que nacen por oposición **aos modelos tradicionais moi ríxidos para as circunstancias actuais do**

deporte. Estes procedementos son moi adaptables, e incorporan as decisións segundo os diferentes escenarios previstos, sendo unha das súas características o **desenvolvemento iterativo e incremental**, **onde os requisitos e solucións evolucionan co tempo segundo a necesidade do devir** da saúde pública, das instrucións das autoridades, e das propias competicións.

O traballo desenvólvese por **un equipo autoorganizado composto por electos de todos os axentes intervinentes na competición, onde a toma de decisións é compartida na FLEXI-ORGANIZACIÓN** (sistema e calendario) **aprobada**, que inclúen a toma de decisións en procesos a curto prazo, que se organizarían como módulos de iteración: sesión de competición (*MB*), torneo (*MMd*), e campionato (*MMi*).

En cada cambio cara un novo módulo de iteración de torneo ou de campionato **revisaríanse** a planificación, a análise de requisitos, deseño, codificación, probas, documentación, seguemento do Protocolo, etc. Ata que sexa optimizado, incrementando progresivamente o valor da *FLEXI-ORGANIZACIÓN* propia que funciona sen erros, **asentando a seguridade sanitaria, a participación deportiva intensa, a sostibilidade das entidades, eventos e da actividade deportiva**, e, en caso de sobrevir algunha suspensión, co **control das consecuencias administrativo-xurídicas, e deportivas xa previstas e aprobadas.**

Situándonos nunha aproximación práctica ante un escenario cambiante, un campionato sería o módulo de iteración de maior duración (*MMi*), dividido en módulos con finalidade competitiva cada un en sí mesmo (*MMd*), e no seu conxunto modular. Por elo, son de iteración menor **os de 1 día de competición (*MB*), como pequenos esprints**, e os módulos de iteración media ou torneos (*MMd*), de varias semanas ou como esprints longos. A seguinte imaxe só é un exemplo nun deporte de equipo:




En cada módulo de iteración estase “entregando” un mínimo valor do produto (por exemplo, campión de sesión, ou de torneo). **Co número de resultados culminados e acumulados no desenvolvemento iterativo e incremental** (puntos; postos; etc.), que permitan as condicións sociosanitarias, coñecerase o deportista ou o equipo que máis condicións reuniu para determinarse Campión da súa especialidade, nivel, idade, xénero, etc. E o posto de todos os demais participantes.

Un dos sistemas da “anterior normalidade” que máis se parece ás novas necesidades é o dos torneos polo *sistema suízo de eliminatorias*, pero **esixe unha boa definición previa do sistema por puntos**, xa que é determinante a designación do rival en cada ronda, que se fai depender fundamentalmente da puntuación nese momento.

O *sistema suízo de eliminatorias* permite integrar nun mesmo evento a deportistas de todos os niveis, potenciando moito a competitividade. É moi flexible, adaptándose a unha menor ou maior participación ou esixencia, a través do mecanismo de reducir ou de aumentar o número de rondas ou rotacións. Por exemplo: 4 rondas para 16 participantes; 5 rondas para 32 participantes; 6 rondas para 64 participantes, 7 para 128 participantes, etc.

Se a especialidade e os recursos o permiten, para depurar mellor aos finalistas, aínda que quizás no primeiro módulo (*MMd*) que agrupe ás primeiras sesións (*MB*) poderíase establecer un número menor de rondas (**sesións horizontais**), nos seguintes módulos (*MMd*) dun *sistema suízo de eliminatorias* pode ser aconsellable ampliar o número de rondas (**sesións verticais**).



Reflexión para buscar equidade nos sistemas de competición de deportes de equipo

Analizados matematicamente os catro formatos de torneos dos Campionatos Mundiais de Balonmán Masculino (de 1995 a 2019), Csató (2019) mostra claramente que non existe un deseño de torneo (*MMd*) moito máis xusto ca outro para os equipos que son a priori máis fortes.

Csató (2019) recomenda aos organizadores de torneos por equipos que consideren a experiencia previa de resultados en torneos con diferentes formatos.

Para campionatos oficiais de ámbito autonómico de deportes de equipo na tempada 2020-21 e/ou 2021-22, poderíase considerar, por exemplo, o recente formato do Mundial 2019 de Balonmán, que demostrou ser o que máis aumentou a probabilidade de gañar para os mellores equipos *a priori*.

O formato do Campionato Mundial de Balonmán de 2019 (*MMd*) foi así: primeiro cunha fase de 4 grupos de 6 equipos, despois 2 grupos de 6 equipos, pasando ao sistema de eliminatorias ("KO") de semifinais entre os 2 primeiros de cada grupo, e "cruces" a 1 partido para dilucidar os postos seguintes ata o oitavo.

Expoñemos como outro exemplo, a considerar para iniciar con SESIÓNS de ITERACIÓN de 2 grupos de 3 equipos (*MB*), un grupo de mañá e outro de tarde, xogando 2 partidos cada equipo, despois de 3 sesións deste tipo, por exemplo, poderíase pasar a SESIÓNS de ITERACIÓN de 1 grupo de 4 equipos diversas sesións de partidos con moi poucos equipos. So a modo de boceto, ver a táboa seguinte:

MÓDULO	SESIÓNS DE ITERACIÓN (<i>MB</i>) 2 grupos de 3 equipos	SESIÓNS DE ITERACIÓN (<i>MB</i>) 1 grupo de 4 equipos	TORNEOS (<i>MMD</i>) DE COMARCA E/OU PROVINCIA SEMIFINAIS e FINAL	CAMPIONATO DE GALICIA (<i>MMI</i>) SEMIFINAIS e FINAL
NÚCLEO DEPORTIVO	1 Sesión por Núcleo Deportivo	1 Sesión por Núcleo Deportivo	1 Sesión por Núcleo Deportivo	1 Sesión por Núcleo Deportivo
CRONOGRAMA	Ou mañá ou tarde. 2 partidos cada equipo. Varias rondas.	Todo o día: 2 partidos de mañá e 2 de tarde cada equipo. Varias rondas.	Todo o día: Semifinal 2 partidos de mañá. Final 1 partido de tarde.	Todo o día: Semifinal 2 partidos de mañá. Final 1 partido de tarde.
ESPERA ENTRE PARTIDOS	Ao aire libre cumprindo o Protocolo (gardando a distancia de seguridade interpersoal, con máscara, etc.)	Ao aire libre cumprindo o Protocolo (gardando a distancia de seguridade interpersoal, con máscara, etc.)	Ao aire libre cumprindo o Protocolo (gardando a distancia de seguridade interpersoal, con máscara, etc.)	Ao aire libre cumprindo o Protocolo (gardando a distancia de seguridade interpersoal, con máscara, etc.)
SUCESIÓN MODULAR	Súmanse puntos para 2 clasificacións dinámicas: 1- TORNEO COMARCAL e/ou PROVINCIAL 2- Para el Ctº de Galicia (Con coeficiente)	Súmanse puntos para 2 clasificacións dinámicas: 1- TORNEO COMARCAL e/ou PROVINCIAL 2- Para el Ctº de Galicia (Con coeficiente)	Eliminatorias (sistema KO)	Eliminatorias (sistema KO)

Exemplos de alternativas en caso de suspensión da competición

Según teña xa *flexi-organizada* a competición cada federación, os reaxustes da competición poderían ser, por exemplo:

A) EN SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE DURANTE MENOS DE 6 SEMANAS:

- **ao inicio da temporada** só sufriría cambio de datas programadas.
- **na metade da temporada**, sufriría suspensión de sesións ou cambio das súas datas programadas, ou suspensión ou retraso dalgunhas sesións de iteración (**MB**) ou Torneos (**MMd**) pendientes.
- **ao final da temporada**, sufriría suspensión de sesións (**MB**) ou cambio das súas datas programadas, ou suspensión ou retraso de Torneo (**MMd**), ou darase por finalizado o Campionato de Galicia (**MMi**).

B) PARÓN MOMENTÁNEO DE MÁIS DE 6 SEMANAS:

- **ao inicio da temporada** ou cambio de datas programadas de sesións de iteración (**MB**) ou cambio das súas datas programadas, ou suspensión ou retraso dalgún dos Torneos (**MMd**).
- **na metade, ou despois da temporada** sufriría suspensión de sesións de iteración (**MB**), suspensión de Torneo (**MMd**), ou darase por finalizado o Campionato de Galicia (**MMi**).
- **Final súbita da competición**, seguindo o criterio que garanta o máximo balance competitivo (“**par conditio**”) e, aprobado pola federación establécese a clasificación final, e as súas consecuencias deportivas, no seu caso tamén de ascensos e descensos.

En resumo, ante unha crise tan potente, inesperada e de evolución incerta, como a da COVID-19, é necesario que a **toma de decisións** estea o máis fundamentada posible, **non sexa precipitada, pero unha vez decidido haberá que acelerar os procesos, rexistrar resultados e analízalos con rapidez para aprender en pleno proceso, e poder reconducir con facilidade e co menor custe posible**. Para elo, no sector deportivo son necesarios **procesos internos máis eficientes**, participativos e abertos, como está desenvolvéndose o deseño e a aplicación dos protocolos **FISICOVID-DXTGALEGO**, onde os interesados e afectados **con este novo método de traballo están moi cerca, definen os proxectos e son partícipes desde o minuto un desde o seu deseño ata a súa execución**.

Respecto á organización do xeito de competir, de organizar sesións, torneos e campionatos, é probablemente traballosa pero eficiente o **ter dúas estratexias: unha a curto prazo, e outra a longo prazo**.

Na primeira estratexia, que é a que se desenvolverá nesta GUÍA os tempos visualízanse nos chamados **módulos iterativos iniciais (MB), como sprints de competicións**, en mesociclos de entre dúas e catro semanas, teñen un **obxectivo principal: competir nunhas condicións moi altas de seguridade e control**. Ao ser estes módulos moi breves **poderase corrixir, aprender, mellorar a un custe de riscos baixos e de recursos moi baixo**, é moito

mellor corraxir en ciclos tan curtos, que volva a ocorrer nunha tempada convencional que o que por desgracia nos aconteceu na 2019/20 e nalgunos deportes no inicio da 2020/21. Pero **recoñecemos** que cambiar do prazo anual habitual a outros tan curtos **obriga ás federacións a comezar un proceso de aprendizaxe moi acelerado, que precisa de confianza e de apertura de miras.**





XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO